

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

1438 *ORDE APA/113/2006, do 26 de xaneiro, pola que se establece o prazo de presentación das solicitudes de autorización de cesións temporais de cota láctea no período 2005/2006. («BOE» 26, do 31-1-2006.)*

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, é a norma pola que se rexen as cesións temporais de cota láctea entre produtores.

O artigo 46.1 do dito real decreto dispón que o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá para cada período, mediante orde, o prazo de presentación das solicitudes de autorización das cesións temporais pactadas entre produtores cedentes e produtores adquirentes ou cesionarios.

A potestade de permitir ou manter vetada a realización de cesións temporais, así como de transferencias de cotas desvinculadas da explotación, tamén prevista no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, é un instrumento eficaz para fortalecer os mecanismos de reestruturación do sector produtor lácteo.

A execución do Plan de reestruturación do sector produtor lácteo, aprobado polo Real decreto 620/2005, do 27 de maio, fixo aconsellable manter en suspenso as cesións temporais entre produtores durante boa parte do período de taxa suplementaria da cota láctea 2005/2006 para asegurar a máxima eficacia da acción administrativa de transferencia de cotas promovida por ese plan.

Unha vez concluída a súa execución, é posible atender a demanda do sector para que se autoricen as cesións temporais de cota, como mecanismo que lle achega certa flexibilidade ao sistema de xestión da cota e da taxa láctea, en especial, nos últimos meses do período, para compensar os excesos de produción dalgúns gandeiros cos déficit doutros.

De acordo co anterior, esta orde establece, para o período 2005/2006, un prazo dun mes para a presentación de solicitudes de autorización de cesións temporais.

As cesións que se autoricen serán singulares, xa que non só comportarán a cesión dunha cantidade individual de referencia para o que queda do período de taxa láctea, senón que, ademais, implicarán a transferencia definitiva dos dereitos de pagamento único correspondentes á cota transmitida, do cedente ao cesionario, dado que estes se asignarán tendo en conta a cota láctea dispoñible para a explotación o 31 de marzo de 2006. As cantidades cedidas con carácter temporal considéranse cota dispoñible para o cesionario no período 2005/2006.

Co fin de garantir o coñecemento desta consecuencia para o cedente, introdúcese no anexo IX do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, que establece os datos mínimos que conterán as solicitudes de autorización de cesións temporais, unha advertencia expresa sobre esta circunstancia.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Prazo para a presentación de solicitudes de autorización de cesións temporais durante o período 2005/2006.*

Durante este período de taxa 2005/2006, as solicitudes de autorización de cesións temporais de cota láctea pre-

sentaranse no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta orde ministerial.

Artigo 2. *Datos mínimos das solicitudes de autorización de cesións temporais de cota no período 2005/2006.*

As solicitudes de autorización de cesións temporais de cota no período 2005/2006 incluírán, como mínimo, os datos e declaracións que figuran no anexo a esta orde, que substitúe o anexo IX do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, con efectos limitados ao período de cota 2005/2006.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de xaneiro de 2006

ESPINOSA MANGANA

«ANEXO

ANEXO IX

Cesión temporal de cota láctea para o período 2005/2006

Identificación dos titulares, cedente e cesionario:

Apelidos e nome ou razón social
NIF/CIF
Data de nacemento
Domicilio
Código postal
Localidade
Provincia

Identificación das explotacións, orixe e destino:

Nome
Códigos de identificación
Enderezo
Localización
Provincia

Cantidade de cota asignada para entrega a compradores (Kg).

Contido en materia graxa da dita cota (%).

Cantidade de cota para entrega a compradores obxecto de cesión temporal (Kg).

Cantidade de cota asignada para vendas directas (Kg).

Cantidade de cota para vendas directas obxecto de cesión temporal (Kg).

Comercialización de leite e produtos lácteos do cedente na data da solicitude.

As cantidades especificadas a continuación deben coincidir cos certificados expedidos polos compradores e, de ser o caso, coa declaración do cedente para as vendas directas. Débese especificar o leite ou equivalente leite comercializado no período en curso polo cedente ata a data da solicitude. Debe quedar claro que por período en curso se entende o período en que a cesión vai entrar en vigor.

O adquirente ou cesionario e o cedente solicitan a autorización da cesión temporal de cotas arriba sinaladas, para o período de doce meses de taxa suplementaria, e expoñen que:

Coñecen que as cantidades de cota que son obxecto de cesión temporal se considerarán dispoñibles para a explotación do cesionario durante o período 2005/2006 e que, mediante a cesión, o cedente lle transfere definitivamente os seus dereitos respecto á prima láctea e os pagamentos adicionais integrados no réxime de pagamento único ao cesionario.

Coñecen que en caso de tratarse dunha cesión temporal motivada por casos de forza maior ou circunstancias excepcionais recoñecidos como tales pola autoridade

competente, o cedente poderá optar á atribución de dereitos de axuda procedentes da reserva nacional conforme o establecido no artigo 9 do Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único.

Coñecen as condicións e limitacións sobre a cesión temporal de cotas establecidas no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.

Coñecen e dan a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.»